



O Prestige, a Educación Ambiental e nós

A Educación Ambiental, na súa concepción máis contemporánea, como resposta á crise ambiental, ten pouco máis de tres décadas de existencia. Os seus inicios acostuman datarse no limiar da década dos setenta, máis ou menos cando o *Polycomander* na Ría de Vigo (1970) ou o *Urquiola* no porto da Coruña (1972) estercolaron de petróleo as nosas costas. Dende que se artellaron as primeiras políticas ambientais con pretensión de transcender os enfoques meramente proteccionistas, para considerar unha perspectiva máis integral, a educación figurou sempre entre os instrumentos identificados como claves para moldear unha nova relación entre as sociedades humanas e o ambiente, unha relación respectuosa cos límites ecolóxicos que impón un planeta finito e que permitise a satisfacción universal e igualitaria das necesidades humanas.



Un neno contempla unha das aves mortas a consecuencia da marea negra provocada polo Prestige.

A pesar de que as políticas ambientais propostas nos 30 últimos anos e os responsables da súa aplicación lle outorgan á Educación Ambiental un lugar central nesta tarefa, o feito constatable é que son outros instrumentos ou ámbitos de xestión os que reciben maior atención e recursos: os económicos, os normativo-legais e os tecnocientíficos. Ademais, a influencia social da Educación Ambiental resulta difusa e difícil de calibrar posto que baixo este rótulo se agrupan accións de educación escolar, de formación especializada, de educación non formal, de información e divulgación, etc. Do que non cabe dúbida é de que as sociedades occidentais e, entre elas, a galega, son cada vez máis sensibles á cuestión ambiental, aínda que os estilos de vida non teñan mudado de xeito significativo.



Paul Hanni

Milleiros de aves e multitude doutras especies están a sufrir e sufrirán ó longo dos vindeiros anos os efectos da marea negra.

O naufraxio do *Prestige* nas nosas costas está a actuar como o detonante dunha nova actitude colectiva diante do patrimonio natural galego e a súa preservación. A marea negra está a poñer en evidencia a debilidade doutros instrumentos de xestión: normas de transporte de materiais perigosos que non se aplican ou non se cumpren, mecanismos de control e inspección que non garanten a fiabilidade da tecnoloxía náutica, inexistencia ou ineficacia dos plans de continxencia ante catástrofes ecolóxicas, insuficiencia dos recursos de loita contra a contaminación, ineptitude dos encargados da toma de

decisións, etc. Sen embargo, do caos está a emerxer unha sociedade civil activa e responsable, cun alto grao de sensibilidade ambiental e, sobre todo, cunha clara identificación da relación entre o estrago ecolóxico ocasionado polo *Prestige* e o estrago económico e social por el provocado.

Sería inxenuo atribuír este tremor social á Educación Ambiental e, aínda máis, pensar que existe unha percepción nítida e un coñecemento profundo por parte da maioría da poboación agora mobilizada do entramado de implicacións ecolóxicas, económicas, sociais, políticas e ata culturais desencadeadas pola catástrofe. Existe unha conciencia colectiva do dano inflixido, agudizada pola nefasta xestión das Administracións públicas e pola desinformación imposta co obxectivo de minimizar a percepción social da catástrofe e de limitar os custes políticos que poida ocasionar. Amplos sectores da sociedade galega están a descubrir de xeito traumático que as políticas ambientais carecen de peso real e que resultan facilmente arrasadas polos imperativos do mercado ou polo comportamento indigno de quen ocupa democraticamente o poder pero o exerce rexido por intereses espurios, incluído o de mantelo a toda costa.



Chap

Galicia conta dende hai tres anos cunha estratexia territorial de Educación Ambiental, promovida pola Administración autonómica agora posta en triste evidencia. O obxectivo era ambicioso: producir un documento que servise como revulsivo para activar un panorama educativo-ambiental que se calificaba no mesmo texto como raquítico e anquilosado. No colmo da audacia estableceuse como obxectivo principal estender na sociedade galega unha cultura da sustentabilidade. Nada que obxectar ás recomendacións que nel se fan para os distintos axentes e sectores educativos, tan ambiciosas como necesarias. Pero... o mesmo baleiro que agora descubrimos na política ambiental tamén acabou por converter a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) nunha acción meramente formal, en pura representación. Na Consellería de Medio Ambiente, principal impulsora da súa elaboración, chégase a confundir a existencia da EGEA coa súa aplicación.

Cabe esperar que exista, tamén para a Educación Ambiental, un antes e un despois da calamidade ocasionada polo *Prestige*. Cabe esperar que esa sociedade ambientalmente sensibilizada demande tamén que a Educación Ambiental forme parte da rexeneración social e cultural que, sen dúbida, necesitaremos tanto ou máis cá rexeneración ecolóxica e económica das zonas afectadas. Asumir o lema ¡Nunca Máis! implica asumir tamén a construción dunha cidadanía cunha cultura ambiental máis sólida, consciente e crítica. A Educación Ambiental é, non o olvidemos, un instrumento extraordinario de prevención; o instrumento que actúa sobre o factor máis importante na xestión do medio ambiente: o factor humano.

Celebración da "Semana da Marea Negra" nos centros educativos

A partir do fatídico 13 de novembro de 2002 moito é o que se leva dito, visto e escrito sobre a avaría, o rumbo errático, afundimento e efectos da marea negra provocados polo petroliero *Prestige*. Dende declaracións minimizadoras do acontecido ata conexións de canles de televisión en directo cos lugares maiormente afectados onde o chapapote o asolagaba todo e a todos/as. Unha catástrofe, en definitiva, que ten conmocionada a toda a sociedade galega e que traxo e traerá graves efectos de toda índole sobre o noso país.

Ante isto, a institución educativa, a Escola (con maiúscula), non pode permanecer allea. Calquera lei educativa e o sentido común lémbrennos que a realidade debe estar presente nos centros e a súa análise crítica ser parte da formación dos nosos alumnos. Así pois, comprobamos como en moitos centros, especialmente nos implantados nas zonas máis directamente afectadas, se está a traballar a catástrofe do *Prestige* nas aulas, pero non está a ocorrer isto dunha maneira xeral en tódalas comarcas do país, por iso, **Nova Escola Galega** propón a celebración da "Semana da Marea Negra" en tódolos centros educativos de Galicia.

- ✓ Do 20 ó 24 de xaneiro.
- ✓ De participación absolutamente voluntaria e sen dirixismos.
- ✓ Cada centro é libre para organizar a "Semana da Marea Negra" como desexe:
 - Traballar nas áreas do currículo, transversais, organizar actividades concretas, etc.)
 - Traballar aspectos ecolóxicos, sociais, económicos, culturais, psicolóxicos, etc.

Máis información en: <http://www.escoladeveranneg.org>



webs de interese sobre o *Prestige*

<http://www.le-cedre.fr>
<http://www.edugaliza.org>
<http://www.arcanegra.net>
<http://www.plataformanuncamais.org>
<http://www.nuncamais.org>
<http://www.suivi-erika.info/>
<http://mais.viciros.com/desastreprestige/>
http://www.adegagaliza.org/prestige_catastrofe/index.htm
<http://www.greenpeace.es>
<http://www.hidrografico.pt/>

CD didáctico sobre o *Prestige*

¡Participade!

Nova Escola Galega está a preparar un CD didáctico sobre o desastre do petroliero *Prestige* que se vai estruturar en dous grandes bloques:

- 1.- Periplo dende a avaría ata as mareas negras (incluídas).
- 2.- Materiais que os centros educativos remitan (**aberto a tódolos centros educativos**).

Daquela, os centros educativos, mestres e alumnos que desexedes informarnos sobre cómo participar na elaboración deste CD aportando material (fotos, videos, documentos, debuxos, etc.), e cómo conseguilo posteriormente, só tedes que poñervos en contacto cos coordinadores do mesmo a través da páxina <http://www.escoladeveranneg.org>

ou os correos electrónicos: asantalla@escoladeveranneg.org

xlorenzo@escoladeveranneg.org

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

